



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Maio 2024

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en maio de 2024 unha caída do 0,2% con respecto a maio de 2023; en España aumentou un 0,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 3,0%, mentres que os bens de equipo diminuíron un 9,9% e os bens intermedios un 1,2%. Pola súa parte a enerxía medrou un 14,7%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "producción de enerxía eléctrica" que achega 2,2 puntos, a "fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" e a "fabricación de bebidas" que suman 0,5 puntos cada unha a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "fabricación de vehículos de motor" que resta 3,9 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que detraen 0,5 puntos cada unha a taxa interanual.



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en maio de 2024 un descenso do 0,2% con respecto a maio de 2023; en España houbo un aumento do 0,2%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un aumento do 3,0%, e suman 0,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -9,9%, o que resta 3,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** diminúen un 1,2%, cunha repercusión de -0,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 14,7% e achega 2,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual en maio do 0,2% débese principalmente á contribución negativa (-5,5 puntos) de oito ramas; as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que resta 3,9 puntos, a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" e a "reparación e instalación de maquinaria e equipamento" que detraen 0,5 puntos cada unha a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (5,3 puntos) de dezaioito ramas, as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que achega 2,2 puntos e a "fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" e a "fabricación de bebidas", que suman 0,5 puntos cada unha.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI creceu en cinco Comunidades Autónomas neste mes de maio. Os maiores incrementos rexistráronse en Extremadura (17,4%) e Cataluña (3,7%).

IPI Maio 2024

Taxas de variación en %




No que vai de ano, o índice aumenta en oito comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Cataluña (6,3%), Castilla y León (5,1%) e Canarias (5,0%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | REPERCUSIÓNS (%) | |
|------------------|--------|----------------|-------------------|------------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 103,8 | -0,2 | 2,6 | -- | -- |
| Bens de consumo | 107,9 | 3,0 | 6,9 | 0,7 | 1,5 |
| Bens de equipo | 112,5 | -9,9 | -5,3 | -3,4 | -1,7 |
| Bens intermedios | 96,0 | -1,2 | -0,4 | -0,3 | -0,1 |
| Enerxía | 97,5 | 14,7 | 11,6 | 2,8 | 2,8 |
| España | | | | | |
| Xeral | 108,8 | 0,2 | 1,3 | -- | -- |
| Bens de consumo | 112,0 | 2,2 | 3,6 | 0,6 | 0,9 |
| Bens de equipo | 122,5 | -1,7 | 1,9 | -0,4 | 0,5 |
| Bens intermedios | 105,4 | 0,7 | 1,0 | 0,2 | 0,3 |
| Enerxía | 94,4 | -1,2 | -2,2 | -0,2 | -0,4 |

Fonte:NE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2024

| Ramas | VARIACIÓNS (%) | | | | Ponderacións |
|---|----------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | -0,2 | | 2,6 | | |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 14,0 | 2,2 | 10,4 | 2,2 | 19,4 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | 7,1 | 0,5 | -3,6 | -0,3 | 8,6 |
| Fabricación de bebidas | 11,8 | 0,5 | 20,7 | 0,8 | 3,8 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | 8,6 | 0,4 | 1,2 | 0,1 | 4,6 |
| Fabricación doutro material de transporte | 10,7 | 0,2 | 18,5 | 0,3 | 1,9 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 4,3 | 0,2 | 10,2 | 0,3 | 2,8 |
| Outras industrias manufactureiras | 19,2 | 0,1 | 8,4 | 0,1 | 0,7 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | 2,4 | 0,1 | 3,1 | 0,1 | 5,1 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 2,5 | 0,1 | -1,6 | 0,0 | 2,3 |
| Outras industrias extractivas | 4,8 | 0,1 | 19,1 | 0,2 | 1,1 |
| Confección de roupa de vestir | 2,3 | 0,1 | 0,8 | 0,0 | 1,8 |
| Industria do papel | 4,9 | 0,1 | 10,0 | 0,1 | 1,2 |
| Industria da alimentación | 0,3 | 0,0 | 1,9 | 0,3 | 14,9 |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | 0,7 | 0,0 | -12,9 | -0,1 | 0,8 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -6,2 | 0,0 | -1,5 | 0,0 | 0,5 |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | -11,0 | -0,1 | -15,5 | -0,1 | 1,0 |
| Industria química | -6,0 | -0,1 | -5,2 | -0,1 | 1,9 |
| Industria téxtil | -20,3 | -0,2 | -6,5 | 0,0 | 0,8 |
| Fabricación de mobles | -12,4 | -0,2 | 1,8 | 0,0 | 1,3 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | -9,1 | -0,5 | -1,2 | -0,1 | 4,8 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -14,5 | -0,5 | -10,2 | -0,3 | 3,2 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | -21,8 | -3,9 | -12,4 | -2,0 | 13,3 |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |

Fonte:NE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2024

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|--------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 108,8 | 0,2 | 1,3 |
| Galicia | 103,8 | -0,2 | 2,6 |
| Andalucía | 102,6 | -1,3 | -2,0 |
| Aragón | 119,6 | -2,3 | 1,4 |
| Asturias | 94,8 | -1,5 | -3,7 |
| Baleares (Illes) | 114,9 | -2,9 | -4,7 |
| Canarias | 114,6 | 2,2 | 5,0 |
| Cantabria | 98,2 | -6,4 | -5,0 |
| Castilla - La Mancha | 103,8 | -2,6 | -1,9 |
| Castilla y León | 107,8 | -0,5 | 5,1 |
| Cataluña | 112,5 | 3,7 | 6,3 |
| Comunitat Valenciana | 106,6 | -1,7 | -2,8 |
| Extremadura | 110,1 | 17,4 | 0,9 |
| Madrid | 111,3 | -2,9 | -0,5 |
| Murcia | 101,6 | -1,6 | 0,8 |
| Navarra | 111,4 | 1,0 | 2,5 |
| País Vasco | 114,0 | 1,4 | -0,5 |
| Rioja (La) | 98,8 | -6,2 | -4,3 |

Fonte:INE